
CONVOCATORIA

8/10 abstracción!

OBRADOIRO JUNIOR DE CREACIÓN AUDIOVISUAL

Co artista **Din Matamoro**

Para participantes de entre 8 e 10 anos

Datas: **martes 2, mércores 3, xoves 4 e venres 5 de xullo**

Horario: **de 11.00 a 13.30**

Lugar: Laboratorio das Artes (1º andar)

GRATUÍTO, PREVIA INSCRICIÓN (prazas limitadas a 10 participantes, por orde de inscrición)
+ INFO e fichas inscrición en comunicacion@marcovigo.com ou en taquilla



A partir do martes 2 de xullo, e durante catro días consecutivos, o MARCO ofrece a nenos/as de entre 8 e 10 anos a posibilidade de participar nun **obradoiro de creación audiovisual dirixido polo artista Din Matamoro**. O obxectivo é explorar a beleza e posibilidades creativas da forma, a cor, o movemento e o son, e o resultado serán **curtametraxes abstractas** de pouca duración, creadas conxuntamente polos participantes.



A iniciativa xorde no contexto do *Festival PUNTO y RAYA. Arte Abstracto en Movimiento*, e concretamente na súa variante **Punto y Raya JUNIOR**, dirixida a participantes menores de 13 anos. Así, as curtametraxes resultantes serán enviadas para a súa participación e selección na convocatoria 2019 do Festival, na categoría *Medium* (de 8 a 10 anos).

<https://www.puntoyrayafestival.com/es/tv/junior/call>

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN

Calquera persoa interesada debe solicitar a **ficha de inscrición e formulario de autorización** para participación a través do email comunicacion@marcovigo.com, ou directamente na taquilla do MARCO.

Contacto Comunicación e Prensa

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Marta Viana Tomé

Tel. +34 986 113908 / 113900

comunicacion@marcovigo.com

www.marcovigo.com